

A FESTA DE ENTROIDO EN GALIZA



En Galicia o Entroido celébrase dende sempre. Existen manifestacións dunha fonda tradición e que aínda perduran hoxe, especialmente na provincia de Ourense, e nalgunhas partes de Lugo, mesturando esas tradicións ancestrais con outros elementos máis novos.

Aínda que hai dous días de maior festa que son o domingo e o martes de entroido, en moitas vilas galegas a celebración comeza quince días antes:

Domingo Fareleiro ou Borrallento: quince días antes do domingo de entroido. nesta data é costume que os veciños se manchen uns ós outros con "borralla" ou "farelo",

Xoves de Compadres: a festa xira en torno a unha pelexa entre sexos. As mozas fabrican un boneco que representa aos homes e tentan queimalo, mentres os mozos loitan por llo roubar.

Domingo Corredoiro ou Oleiro: unha semana antes do domingo de entroido. Tradicionalmente era cando se facía a corrida do galo; en Laza lánzanse formigas enriba da xente e faise a farrapada, loita con farrapos enchoupados en lama ou esterco. Na Praza Maior de Xinzo celébrase o xogo das olas, en que os participantes se pasan olas de barro, e a aquel que a rompa debe pagar unha rolda de viño



Xoves de Comadres: Ó revés do de Compadres, son os homes os que fan un ou varios bonecos con feitura de muller e son estas quen loitan por llelo sacar.

Domingo de Entroido: Comeza a festa maior.

Martes de Entroido: ten lugar a lectura dos "Testamentos" coplas de crítica e burla relacionados cos feitos sucedidos no ano.

Mércores de Cinza: É a data na que todo remata, e a escolleita en moitas vilas e aldeas para enterra-la sardiña